

## **07/2024.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 13 DE MAIO DE 2024**

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 13 de maio de 2024, ás dez horas e dous minutos reúnen, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde asistido da secretaria que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

**PRESIDENTE:**

Antonio Alonso Román (Decreto de substitución nº 884/2024, do 13 de maio)

**CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:**

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Francisco da Silva Vello

M<sup>a</sup> del Carmen Dopico Rodríguez

**NON ASISTEN CON ESCUSA:**

Valentín González Formoso

Ana M<sup>a</sup> Pena Purriños

Carmela Franco Caaveiro

María Jesús Romero Franco

Diego Balsa Bellas

Fernando Vilaboy Ledo

**SECRETARIA:**

Marina Núñez Orjales

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

### **ORDE DO DÍA**

#### **1º. - SORTEAR AS MESAS ELECTORAIS QUE SE CONSTITUIRÁN CON OCASIÓN DAS ELECCIÓNS EUROPEAS DO VINDEIRO 09/06/2024**

O presidente da sesión explicou que mediante Real decreto 363/2024, do 9 de abril, convocáronse eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo, que terán lugar o vindeiro 09/06/2024.

De acordo co artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, a formación das mesas compete aos concellos, baixo a supervisión das xuntas electorais de zona.

O sorteo arriba mencionado debe realizarse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria; por iso, propónse ao Pleno efectuar o sorteo para a

formación das mesas electorais que se constituirán con ocasión das citadas eleccións europeas.

O sorteo efectuarase mediante a aplicación informática facilitada polo Instituto Nacional de Estatística, IDACELEC. Elíxense o maior número de suplentes que permite a aplicación (14) para cubrir as eventuais renuncias que podan producirse.

De seguido, a secretaria municipal realiza o sorteo para a súa posterior notificación as persoas que foron elixidas para formar parte das mesas electorais.

### **REMATE DA SESIÓN**

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás dez horas e once minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretaria, certifico.

A secretaria

O presidente

Marina Núñez Orjales

Antonio Alonso Román

### **ARQUIVO DE VÍDEO E AUDIO**

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 13/05/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

19FBAD6DE62FC7779F09336E04DA45418104FEDB5765AC725B586ED1C25745C2

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

O arquivo de audio da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

CFCDD184421193140099E4B8C87B6316675E801C28270F43272E6E995F4AC51D

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de audio, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento

A secretaria

Marina Núñez Orjales